| 55-65 | 48 | 3 | 0 | 51 | 27 | 2 | 2 | 31 |
| Total | 307 | 10 | 0 | 317 | 235 | 8 | 3 | 246 |

Tab.43. Accidentes nos serradoiros segundo a idade dos accidentados e a gravidade nos anos 2010 e 2011.

| Grupos de idade | 2012 | | | | 2013 | | | | Total 2010-2013 | %Total 2010-2013 |
|-----------------|-------|--------|---------|-------|-------|--------|---------|-------|-----------------|------------------|
| | Leves | Graves | Mortais | Total | Leves | Graves | Mortais | Total | | |
| 16-19 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 17 | 1,80% |
| 20-24 | 12 | 1 | 0 | 13 | 10 | 1 | 0 | 11 | 55 | 5,84% |
| 25-34 | 55 | 1 | 0 | 56 | 44 | 2 | 0 | 46 | 239 | 25,37% |
| 35-44 | 55 | 0 | 0 | 55 | 55 | 1 | 0 | 56 | 281 | 29,83% |
| 45-54 | 44 | 1 | 0 | 45 | 40 | 2 | 0 | 42 | 215 | 22,82% |
| 55-65 | 26 | 0 | 0 | 26 | 25 | 2 | 0 | 27 | 135 | 14,33% |
| Total | 192 | 3 | 0 | 195 | 176 | 8 | 0 | 184 | 942 | 100% |

Tab.44. [Accidentes nos serradoiros segundo a idade dos accidentados e a gravidade nos anos 2012 e 2013.](#)

Por antigüidade no posto de traballo:

A representación dos datos do número de accidentes nos serradoiros segundo a antigüidade no posto de traballo detállase na [figura 25](#) e nas [táboas 45](#) e [46](#).

A maioría dos accidentados nos serradoiros son traballadores cunha *antigüidade maior de 36 meses*. A frecuencia dos accidentes neste grupo de idade ten unha media anual nestes 4 anos de 138 accidentes, acumulando ademais **13 accidentes graves e 3 mortais**. A continuación están os traballadores cunha *antigüidade entre 12 e 36 meses*, cunha media de accidentes de 30 accidentes por ano, acumulando nestes 4 anos, **7 accidentes graves**. Os traballadores con *antigüidade menor de 3 meses* son os seguintes, cunha media anual de 28 accidentes por ano, acumulando entre 2010 e 2013, **3 accidentes graves**.

Como se pode comprobar na [táboa 46](#), a diferenza no total dos accidentes entre os grupos con *antigüidade menor de 3 meses e entre 12 e 36 meses* é moi pequena.




Fig.25. [Accidentes nos serradoiros segundo a antigüidade no posto de traballo.](#)

| Grupos de idade | 2010 | | | | 2011 | | | |
|-----------------|-------|--------|---------|-------|-------|--------|---------|-------|
| | Leves | Graves | Mortais | Total | Leves | Graves | Mortais | Total |
| < 3 meses | 36 | 0 | 0 | 36 | 37 | 1 | 0 | 38 |
| 3-6 meses | 28 | 1 | 0 | 29 | 26 | 1 | 0 | 27 |
| 6-12 meses | 16 | 2 | 0 | 18 | 18 | 0 | 0 | 18 |
| 12-36 meses | 29 | 2 | 0 | 31 | 27 | 3 | 0 | 30 |
| > 36 meses | 198 | 5 | 0 | 203 | 127 | 3 | 3 | 133 |
| Total | 307 | 10 | 0 | 317 | 235 | 8 | 3 | 246 |

Tab.45. Accidentes nos serradoiros segundo a antigüidade no posto de traballo e a gravidade nos anos 2010 e 2011.

| Grupos de idade | 2012 | | | | 2013 | | | | Total 2010-2013 | %Total 2010-2013 |
|-----------------|-------|--------|---------|-------|-------|--------|---------|-------|-----------------|------------------|
| | Leves | Graves | Mortais | Total | Leves | Graves | Mortais | Total | | |
| < 3 meses | 21 | 2 | 0 | 23 | 16 | 0 | 0 | 16 | 113 | 12,00 % |
| 3-6 meses | 17 | 0 | 0 | 17 | 15 | 1 | 0 | 16 | 89 | 9,45% |
| 6-12 meses | 17 | 0 | 0 | 17 | 14 | 1 | 0 | 15 | 68 | 7,22% |
| 12-36 meses | 26 | 0 | 0 | 26 | 30 | 2 | 0 | 32 | 119 | 12,63 % |
| > 36 meses | 111 | 1 | 0 | 112 | 101 | 4 | 0 | 105 | 553 | 58,70 % |
| Total | 192 | 3 | 0 | 195 | 176 | 8 | 0 | 184 | 942 | 100% |

Tab.46. Accidentes nos serradoiros segundo a antigüidade no posto de traballo e a gravidade nos anos 2012 e 2013.

Por tipo de contrato:

Corresponden á análise segundo o tipo de contrato dos traballadores accidentados nos serradoiros a [figura 26](#) e as [táboas 47](#) e [48](#) a continuación.

Nos serradoiros, non hai practicamente accidentes rexistrados de *traballadores autónomos*, acumulando entre 2010 e 2013, **9 accidentes leves**. A maioría dos traballadores accidentados teñen un *contrato de duración indefinida*, cunha media de 160 accidentes por ano, acumulando nestes anos, **18 accidentes graves e 2 mortais**. *Os traballadores con contrato temporal* tiveron nestes anos unha media de 73 accidentes anuais, acumulando **11 accidentes graves e 1 mortal**.




Fig.26. Accidentes nos serradoiros segundo tipo de contrato.

| Grupos de idade | 2010 | | | | 2011 | | | |
|-----------------|------------|-----------|----------|------------|------------|----------|----------|------------|
| | Leves | Graves | Mortais | Total | Leves | Graves | Mortais | Total |
| Autónomos | 3 | 0 | 0 | 3 | 3 | 0 | 0 | 3 |
| Indefinidos | 223 | 6 | 0 | 229 | 149 | 6 | 2 | 157 |
| Temporais | 81 | 4 | 0 | 85 | 83 | 2 | 1 | 86 |
| Total | 307 | 10 | 0 | 317 | 235 | 8 | 3 | 246 |

Tab.47. Accidentes nos serradoiros segundo tipo de contrato e a gravidade nos anos 2010 e 2011.

| Grupos de idade | 2011 | | | | 2012 | | | | Total 2010-2013 | %Total 2010-2013 |
|-----------------|------------|----------|----------|------------|------------|----------|----------|------------|-----------------|------------------|
| | Leves | Graves | Mortais | Total | Leves | Graves | Mortais | Total | | |
| Autónomos | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 0 | 0 | 1 | 9 | 0,96% |
| Indefinidos | 133 | 1 | 0 | 134 | 116 | 5 | 0 | 121 | 641 | 68,05% |
| Temporais | 57 | 2 | 0 | 59 | 59 | 3 | 0 | 62 | 292 | 31,00% |
| Total | 192 | 3 | 0 | 195 | 176 | 8 | 0 | 184 | 942 | 100% |

Tab.48. Accidentes nos serradoiros segundo tipo de contrato e a gravidade nos anos 2012 e 2013.

ANÁLISE DOS ACCIDENTES GRAVES E MORTAIS NA SILVICULTURA E NOS SERRADOIROS

Neste capítulo faise unha análise dos accidentes graves e mortais, utilizando a información que dispoñible nos partes de accidente, nos campos de texto correspondentes á *Descrición do accidente* e *Modo de lesión*, ademais das variables normalizadas do parte do accidente. A **información** que se obtén con iso **non pode substituír á que se obtén da investigación dos accidentes**, pero ao utilizar unhas variables non xerais (ou non estándar) pero máis próximas ás actividades nas que se produciron os accidentes, pretenden dar máis información sobre as circunstancias destes.

Utilízanse 4 variables que non aparecen (ou representan valores distintos) ás que se teñen nos partes de accidente:

- Tipo de operación.
- Modo en que aconteceu.
- Axente de contacto.
- Parte do corpo lesionada.

En *Tipo de operación* preténdese reflectir as operacións máis habituais na que se producen os accidentes, xa sexa na silvicultura ou nos serradoiros. No *Modo en que aconteceu*, describir en forma sucinta en que consistiu o accidente. No *Axente de Contacto*, cítase o axente material relacionado co dano sufrido polo traballador, sen cinguirse ás descrições da variable do mesmo nome dos partes de accidente. Na *Parte do corpo lesionada*, faise unha clasificación máis sinxela das partes do corpo que no formulario do accidente.

Silvicultura (datos obtidos dos partes de accidente)

Cos datos que aparecen na [táboa 49](#), obtéñense os gráficos das [figuras 27](#) á [30](#), a continuación coméntase en cada caso os valores máis significativos.

Na gráfica da [figura 27](#) móstranse as porcentaxes dos accidentes graves e mortais na silvicultura segundo o *Tipo de operación*. **As operacións de tala** son as que máis accidentes graves e mortais produciron entre os anos 2010 e 2013, cunha porcentaxe do 39,13%, máis que triplicando ao seguinte conxunto de actividades que son as **operacións de derramado/pela** que acadan un 11,59%.

Na gráfica da [figura 28](#), obsérvase que dos modos ou maneiras en que se produciu o accidente, 3 son as que maior frecuencia teñen a considerable distancia das demais: *Os cortes cunha máquina ou ferramenta*, co **23,19% dos accidentes**, as *Caídas de árbores* co **17,39%** e as *Caídas de polas* co **15,94%**. A suma destes tres modos supón máis da metade dos accidentes, o 56,52%.




Fig.27. [Análise dos accidentes graves e mortais na silvicultura nos anos 2010 a 2013 segundo tipo de operación.](#)




Fig.28. [Análise dos accidentes graves e mortais na silvicultura nos anos 2010 a 2013 segundo o modo en que aconteceu.](#)

As porcentaxes respecto aos axentes de contacto que produciron a lesión da [gráfica da figura 29](#), están moi relacionadas cos do gráfico anterior. Tres son os axentes de contacto que con maior frecuencia produciron as lesións destes accidentes: *As árbores* co **20,29%**, *as motoserras* co **17,39%** e *as polas das árbores* co **15,94%**.




Fig.29. [Análise dos accidentes graves e mortais na silvicultura nos anos 2010 a 2013 segundo o axente de contacto.](#)

No gráfica da [figura 30](#) represéntanse as porcentaxes das partes do corpo lesionadas dos accidentes graves e mortais. Como se indicou, esta agrupación difire lixeiramente da que se utiliza nos partes de accidente, como se pode comprobar na gráfica da evolución anual 2010-2013 do total dos accidentes por parte do corpo lesionada da [figura 17](#).

Nos accidentes graves e mortais da silvicultura son dúas as partes do corpo que maior porcentaxe de accidentes sufriron dano: *Lesións en todo o corpo* (ou en varias partes deste) **no 20,29%** dos accidentes e as *lesións nas pernas* (exclúense os pés) co **18,84%**.




Fig.30. [Análise dos accidentes graves e mortais na silvicultura nos anos 2010 a 2013 segundo parte do corpo lesionada.](#)

TÁBOA DE DATOS

(As veces o accidentado sofre un accidente por acción dun compañeiro).

| TIPO DE OPERACIÓN | MODO EN QUE ACONTECEU | AXENTE MATERIAL | PARTE DO CORPO LESIONADA |
|---------------------------|------------------------------|---------------------|--------------------------|
| Condución de vehículo | Accidente con vehículo | Camión | Todo o corpo |
| Desprazándose | Caída | Chan | Perna/s |
| Desprazándose | Caída | Chan | Perna/s |
| Desprazándose | Caída | Chan | Perna/s |
| Desprazándose | Caída | Chan | Todo o corpo |
| Non_consta | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Pelve/abdome |
| Operacións de amoreamento | Caída dunha árbore | Árbore | Todo o corpo |
| Operacións de amoreamento | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Caixa e rexión torácica |

| | | | |
|------------------------------|---|---------------------|-------------------------|
| Operacións de amoreamento | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Perna/s |
| Operacións de amoreamento | Deslizamento de tronco/s | Tronco/s | Caixa e rexión torácica |
| Operacións de amoreamento | Deslizamento de tronco/s | Tronco/s | Pe/Pés |
| Operacións de amoreamento | Proxeccións (de estelas, labras, pedregullo, cascallo...) | Proxeccións | Olo/s |
| Operacións de derramado/pela | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Cabeza |
| Operacións de derramado/pela | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Cabeza |
| Operacións de derramado/pela | Corte con maquina/ferramenta | Machado/a | Dedos ou Mán |
| Operacións de derramado/pela | Corte con maquina/ferramenta | Machado/a | Pe/Pés |
| Operacións de derramado/pela | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Dedos ou Mán |
| Operacións de derramado/pela | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Perna/s |
| Operacións de derramado/pela | Deslizamento de árbore | Árbore | Todo o corpo |
| Operacións de derramado/pela | Deslizamento de tronco/s | Tronco/s | Perna/s |
| Operacións de tala | Accidente con maquinaria | Máquina | Todo o corpo |
| Operacións de tala | Atrapamento por cabrestante | Cabrestante | Dedos ou Mán |
| Operacións de tala | Caída dunha árbore | Árbore | Brazo |
| Operacións de tala | Caída dunha árbore | Árbore | Cadeira |
| Operacións de tala | Caída dunha árbore | Árbore | Caixa e rexión torácica |
| Operacións de tala | Caída dunha árbore | Árbore | Costas |
| Operacións de tala | Caída dunha árbore | Árbore | Costas |
| Operacións de tala | Caída dunha árbore | Árbore | Perna/s |
| Operacións de tala | Caída dunha árbore | Árbore | Todo o corpo |
| Operacións de tala | Caída dunha árbore | Árbore | Todo o corpo |
| Operacións de tala | Caída dunha árbore | Árbore | Todo o corpo |
| Operacións de tala | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Cabeza |
| Operacións de tala | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Cabeza |

| | | | |
|--------------------------|---|---------------------|-------------------------|
| Operacións de tala | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Costas |
| Operacións de tala | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Costas |
| Operacións de tala | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Costas |
| Operacións de tala | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Ollo/s |
| Operacións de tala | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Ollo/s |
| Operacións de tala | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Brazo |
| Operacións de tala | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Brazo |
| Operacións de tala | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Dedos ou Mán |
| Operacións de tala | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Perna/s |
| Operacións de tala | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Perna/s |
| Operacións de tala | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Perna/s |
| Operacións de tala | Deslizamento de árbore | Árbore | Caixa e rexión torácica |
| Operacións de tala | Proxeccións (de estelas, labras, pedregullo, cascallo...) | Proxeccións | Ollo/s |
| Operacións de tala | Proxeccións (de estelas, labras, pedregullo, cascallo...) | Proxeccións | Ollo/s |
| Operacións de torado | Caída | Chan | Perna/s |
| Operacións de torado | Caída dunha árbore | Árbore | Cabeza |
| Operacións de torado | Caída dunha árbore | Árbore | Pelve/abdome |
| Operacións de torado | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Cabeza |
| Operacións de torado | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Dedos ou mán |
| Operacións de torado | Deslizamento de tronco/s | Tronco/s | Caixa e rexión torácica |
| Operacións de torado | Deslizamento de tronco/s | Tronco/s | Todo o corpo |
| Operacións de xardinería | Corte con maquina/ferramenta | Cortacésped | Dedos ou Mán |
| Operacións de xardinería | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Brazo |
| Preparación do terreo | Accidente con maquinaria | Rotopala | Perna/s |
| Tarefas de roza | Corte con maquina/ferramenta | Desrozadora | Perna/s |

| | | | |
|--|---|-------------|-------------------------|
| Tarefas de roza | Proxeccións (de estelas, labras, pedregullo, cascallo...) | Proxeccións | Olo/s |
| Tarefas de roza | Proxeccións (de estelas, labras, pedregullo, cascallo...) | Proxeccións | Olo/s |
| Tarefas de extinción | Accidente con helicóptero | Helicóptero | Costas |
| Tarefas de extinción | Accidente con helicóptero | Helicóptero | Todo o corpo |
| Tarefas de extinción | Atrapado polo incendio | Incendio | Todo o corpo |
| Tarefas de extinción | Atrapado polo incendio | Incendio | Todo o corpo |
| Tarefas de extinción | Atrapado polo incendio | Incendio | Todo o corpo |
| Tarefas de extinción | Infarto, anxina, problemas circulatorios, etc. | Non_procede | Caixa e rexión torácica |
| Tarefas de extinción | Infarto, anxina, problemas circulatorios, etc. | Non_procede | Caixa e rexión torácica |
| Tarefas de mantemento, reparación ou limpeza | Accidente con maquinaria | Hidráulica | Dedos ou Mán |
| Tarefas de mantemento, reparación ou limpeza | Accidente con maquinaria | Tráctor | Todo o corpo |

Táb.49. [Táboa de datos dos accidentes graves e mortais.](#)

***Un dos accidentes contabilizados na silvicultura foi nun serradoiro e se engade na táboa dos serradoiros**

Serradoiros (datos obtidos dos partes de accidente)

Da mesma forma que se fixo na [silvicultura](#), cos datos dos accidentes graves e mortais da táboa 50 obtéñense as gráficas das [figuras 31](#) a [34](#).

Na [figura 31](#), temos representadas as porcentaxes dos accidentes segundo o Tipo de operación. As Operacións de transformación son nas que maior porcentaxe de accidentes se producen, con moita diferenza, co **42,42%**. As Operacións de derramado/pela son o seguinte tipo de operación segundo a súa frecuencia co **18,18%** dos accidentes.




Fig.31. [Análise dos accidentes graves e mortais nos serradoiros nos anos 2010 a 2013 segundo tipo de operación.](#)

O *Modo en que aconteceron* os accidentes nos serradoiros están representados na gráfica da [figura 32](#). Os *Cortes con máquinas ou ferramentas* están presentes no **27,27%** dos accidentes graves ou mortais nos serradoiros, situándose o *Atrapamento en elementos móbiles* en segundo lugar co **18,18%**.




Fig.32. [Análise dos accidentes graves e mortais nos serradoiros nos anos 2010 a 2013 segundo o modo en que aconteceu.](#)

Os axentes de contacto que produciron as feridas nestes accidentes represéntanse [no gráfico seguinte](#). As *Polas das árbores* co **12,12%** dos accidentes son o axente cuxo contacto máis lesións produce, seguido co **9,09%** dos seguintes axentes: *O chan*, *Cinta transportadora*, *Motoserra*, *Serra (circular ou múltiple)*.




Fig.33. [Análise dos accidentes graves e mortais nos serradoiros nos anos 2010 a 2013 segundo o axente de contacto.](#)

Nos serradoiros, a parte do corpo que con máis frecuencia se lesiona son *as mans* (incluíndo os dedos nelas) co **33,33%**. A continuación co **12,12%** dos accidentes están *os brazos* (sen incluír as mans) e *os pés*. Os datos están representados na [gráfica seguinte](#).




Fig.34. [Análise dos accidentes graves e mortais nos serradoiros nos anos 2010 a 2013 segundo parte do corpo lesionada.](#)

TÁBOA DE DATOS

(As veces o accidentado sofre un accidente por acción dun compañeiro).

| TIPO DE OPERACIÓN | MODO EN QUE ACONTECEU | AXENTE MATERIAL | PARTE DO CORPO LESIONADA |
|---------------------------|----------------------------------|----------------------|--------------------------|
| Desprazándose | Caída | Chan | Cabeza |
| Desprazándose | Caída | Chan | Todo o corpo |
| Operacións de amoreamento | Atrapamento en elementos móbiles | Cinta transportadora | Dedos e Mán |

| | | | |
|------------------------------|---|------------------------------|-------------------------|
| Operacións de derramado/pela | Caída | Tronco/s | ombreiro |
| Operacións de derramado/pela | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Cabeza |
| Operacións de derramado/pela | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Cabeza |
| Operacións de derramado/pela | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Perna/s |
| Operacións de derramado/pela | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Brazo |
| Operacións de derramado/pela | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Pe/Pés |
| Operacións de tala | Caída dunha pola | Pola/s dunha árbore | Perna/s |
| Operacións de tala | Deslizamento de árbore | Árbore | Caixa e rexión torácica |
| Operacións de tala | Infarto, anxina, problemas circulatorios, etc. | Non_procede | Caixa e rexión torácica |
| Operacións de transformación | Atrapamento en elementos móbiles | Canteadora | Dedos e Mán |
| Operacións de transformación | Atrapamento en elementos móbiles | Cinta transportadora | Brazo |
| Operacións de transformación | Atrapamento en elementos móbiles | Parafuso sin fin | Brazo |
| Operacións de transformación | Atrapamento en elementos móbiles | Serra (Circular ou múltiple) | Dedos e Mán |
| Operacións de transformación | Atrapamento por material | Táboa | Dedos e Mán |
| Operacións de transformación | Corte con maquina/ferramenta | Cepilladora | Dedos e Mán |
| Operacións de transformación | Corte con maquina/ferramenta | Retestadora | Dedos e Mán |
| Operacións de transformación | Corte con maquina/ferramenta | Retestadora | Dedos e Mán |
| Operacións de transformación | Corte con maquina/ferramenta | Serra (Circular ou múltiple) | Dedos e Mán |
| Operacións de transformación | Corte con maquina/ferramenta | Serra (Circular ou múltiple) | Pe/Pés |
| Operacións de transformación | Deslizamento de tronco/s | Tronco/s | Perna/s |
| Operacións de transformación | Golpe por material | Táboa | Caixa e rexión torácica |
| Operacións de transformación | Proxeccións (de estelas, labras, pedregullo, cascallo...) | Proxeccións | Dedos e Mán |
| Operacións de transformación | Proxeccións (de estelas, labras, pedregullo, cascallo...) | Proxeccións | Ollo/s |

| | | | |
|--|----------------------------------|----------------------|--------------|
| Operacións de torado | Corte con maquina/ferramenta | Motoserra | Dedos e Mán |
| Outras | Corte con cable de aceiro | Cable de aceiro | Pe/Pés |
| Tarefas de mantemento, reparación ou limpeza | Atrapamento en elementos móbiles | Cinta transportadora | Brazo |
| Tarefas de mantemento, reparación ou limpeza | Caída | Chan | Todo o corpo |
| Tarefas de mantemento, reparación ou limpeza | Corte con maquina/ferramenta | Disco de corte | Dedos e Mán |
| Tarefas de mantemento, reparación ou limpeza | Golpe por material | Taco de madeira | Ollo/s |
| Transporte material | Corte con material | Material | Pe/Pés |

Táb.50. [Táboa de datos dos accidentes graves e mortais.](#)

DETALLES DE ACCIDENTES MORTAIS NA SILVICULTURA E SERRADOIROS

Mortais na silvicultura (datos obtidos dos partes de accidente)

A Coruña

| Descrición do accidente | Desviación desencadeante (texto) | Modo de lesión | Forma de Contacto (texto) | Axente de Contacto (texto) |
|--|---|---|--|-----------------------------------|
| <i>El trabajador se encontraba talando arboles y fue alcanzado por el tronco de un arbol golpeandole y causando la muerte en ese momento.</i> | <i>Deslizamiento, caída, derrumbamiento de un agente material.</i> | <i>Alcanzado por caída de árbol.</i> | <i>Choque o golpe contra un objeto - que cae o se desprende.</i> | <i>Tronco</i> |
| <i>Al talar un eucalipto le golpeó.</i> | <i>Quedar atrapado, ser arrastrado, por algún elemento o por el impulso de éste</i> | <i>Alcanzado por caída de árbol.</i> | <i>Choque o golpe contra un objeto - que cae o se desprende.</i> | <i>Árbores, plantas, cultivos</i> |
| <i>Caida del arbol que el compañero estaba talando</i> | <i>Deslizamiento, caída, derrumbamiento de un agente material.</i> | <i>Alcanzado por caída de árbol.</i> | <i>Choque o golpe contra un objeto - que cae o se desprende.</i> | <i>Árbol</i> |
| <i>Durante los trabajos de tala, el trabajador derriba un arbol sobre otro que previamente había sido derribado y que estaba en el suelo. en la caída, el pié del árbol se desplaza hacia arriba y hacia su derecha.</i> | <i>Deslizamiento, caída, derrumbamiento de un agente material (Otros).</i> | <i>Golpe por árbol derribado golpeado por otro al caer.</i> | <i>Choque o golpe contra un objeto - que cae o se desprende.</i> | <i>Arbol talado</i> |

Lugo

| Descrición accidente | Desviación desencadenante (texto) | Modo de lesión | Forma de Contacto (texto) | Axente de Contacto (texto) |
|--|---|--|---|-------------------------------|
| <i>Desplazamiento de rolla de arbol que aplasta al trabajador contra una máquina</i> | <i>Deslizamiento, caída, derrumbamiento de un agente material.</i> | <i>Aplastado contra una máquina por parte del árbol.</i> | <i>Quedar atrapado, ser aplastado - bajo algo en movimiento.</i> | <i>Ramas, troncos</i> |
| Accidente de trafico, salida de via con el camión que conducia | <i>Pérdida de control - de medio de transporte, o de equipo de carga.</i> | Accidente de tráfico | <i>Colisión con un objeto, vehículo o persona - trabajador en movimiento.</i> | <i>Camión</i> |
| <i>El trabajador se encontraba cortando un arbol por el pie, cuando se le vino una rama encima ocasionándole un fuerte golpe en la cabeza.</i> | <i>Deslizamiento, caída, derrumbamiento de un agente material.</i> | <i>Alcanzado por caída de rama.</i> | <i>Choque o golpe contra un objeto - que cae o se desprende.</i> | <i>Unha póla dunha árbore</i> |
| <i>Caida de una rama en cabeza del trabajador</i> | <i>Deslizamiento, caída, derrumbamiento de un agente material.</i> | <i>Alcanzado por caída de rama.</i> | <i>Choque o golpe contra un objeto - que cae o se desprende</i> | <i>Caída dunha póla</i> |

Ourense

| Descripción accidente | Desviación desencadeante (texto) | Modo de lesión | Forma de Contacto (texto) | Axente de Contacto (texto) |
|--|----------------------------------|-----------------------------------|---|----------------------------|
| <i>El fallecido tenía programado para el día del accidente aplicar productos fitosanitarios en un viñedo situado en el ayuntamiento de toen, ourense. Apareció aplastado debajo del tractor.</i> | <i>No se conoce.</i> | <i>Aplastado baja el tractor.</i> | <i>Quedar atrapado, ser aplastado - bajo algo en movimiento</i> | <i>Tractor agrícola</i> |
| <i>Estaba apagando un lume con catro con catro compañeiros da brigada, foron rodeados polo lume e qudou atrapado, non puido sair e faleceu.</i> | <i>Incendio, lume.</i> | <i>Atrapado en un incendio.</i> | <i>Contacto con llamas directas u objetos o entornos con elevada temperaturas</i> | <i>Incendio, fuego</i> |

Pontevedra

| Descripción accidente | Desviación desencadeante (texto) | Modo de lesión | Forma de Contacto (texto) | Agente de Contacto (texto) |
|--|----------------------------------|---------------------------------|--|----------------------------|
| <i>En tareas de extinción de incendios quedaron atrapados por el fuego</i> | <i>Incendio, lume.</i> | <i>Atrapado en un incendio.</i> | <i>Contacto con llamas directas u objetos o entornos con elevada temperaturas</i> | <i>Incendio, fuego</i> |
| <i>En tareas de extinción de incendios quedaron atrapados por el fuego</i> | <i>Incendio, lume.</i> | <i>Atrapado en un incendio.</i> | <i>Contacto con llamas directas u objetos o entornos con elevadas temperaturas</i> | <i>Incendio, fuego</i> |

Mortais nos serradoiros (datos obtidos dos partes de accidente)

A Coruña

| Descrición accidente | Desviación desencadeante (texto) | Modo de lesión | Forma de Contacto (texto) | Axente de Contacto (texto) |
|--|--|--------------------------------------|---|----------------------------|
| <i>El trabajador se encontraba talando árboles cuando uno de los ejemplares cortados, que se encontraba apoyado en otro árbol, se desplomó y le cayó encima mientras esperaba la llegada del tractor que debía retirarlo, tras realizar por los alrededores tareas de limpieza para despejar el terreno.</i> | <i>Deslizamiento, caída, derrumbamiento de un agente material.</i> | <i>Alcanzado por caída de árbol.</i> | <i>Choque o golpe contra un objeto - que cae o se desprende</i> | <i>Árbore</i> |

Pontevedra

| Descrición accidente | Desviación desencadeante (texto) | Modo de lesión | Forma de Contacto (texto) | Axente de Contacto (texto) |
|---|--|-------------------------------------|--|-----------------------------|
| <i>Terminando la jornada de trabajo, recogiendo las herramientas, se desprendió una rama a la altura aproximadamente a 25 metros de altura alcanzándole la cabeza</i> | <i>Deslizamiento, caída, derrumbamiento de un agente material.</i> | <i>Alcanzado por caída de rama.</i> | <i>Choque o golpe contra un objeto - que cae o se desprende</i> | <i>Ramas, tronco</i> |
| <i>El trabajador se encontraba realizando su trabajo habitual cuando se desplomó, perdió el conocimiento y falleció</i> | <i>No se conoce.</i> | <i>Posible fallo cardíaco.</i> | <i>Infartos, derrames cerebrales y otras patologías no traumáticas</i> | <i>Total descoñecemento</i> |

CONCLUSIÓNS

- Os accidentes con baixa en xornada laboral rexistraron dende 2010 ata 2013 unha diminución do 39,28%. (pax. 5).
- Por sectores económicos, no ano 2013, a agricultura experimentou un aumento no número de accidentes do 7,82% en relación ao 2012. (pax. 5).
- A evolución da incidencia foi moi distinta por sectores entre o 2010 e o 2013, na construción diminuíu un 39,38% mentres que na agricultura foi do 6,07%. (pax.7).
- Na silvicultura os accidentes leves diminuíron un 19,97% e os graves un 16,67% nos catro anos. Nos serradoiros as porcentaxes foron: un 42,67% nos leves e un 20% dos graves. (pax. 8)
- Nestes catro anos rexistráronse 12 mortos na silvicultura e 3 nos serradoiros. (pax.9).
- O total dos accidentes na silvicultura diminuíu nun 20,07% e nos serradoiros nun 41,96%. (pax. 10)
- A incidencia dos accidentes na silvicultura e moi alta: no ano 2013 foi de 21.790,24 por 100.000 traballadores mentres que no resto do sector agrícola foi de 2.230,42 por 100.000 traballadores. (pax. 13)
- As empresas da provincia da Coruña teñen 42,05% do total de accidentes do sector da silvicultura de Galicia, a continuación as da provincia de Lugo co 22,87%, seguidas das de Pontevedra co 19,69% e as de Ourense con 15,39% dos accidentes do sector. (pax. 14)
- Por provincias, as **empresas dos seguintes municipios** son as que rexistraron máis accidentes no sector da silvicultura, **na Coruña:** Cedeira co 8,24% , Santiago co 7,03%, A Coruña co 6,37% , Ortigueira co 6,26% e Ferrol o 5,05% dos accidentes da provincia. (pax.14); **en Lugo:** Lugo o 17,78%, Ourense co 10,91% e Becerreá co 10,71% (pax. 16); **en Ourense,** o municipio de Ourense concentra o 50,75% dos accidentes. (pax. 17); **en Pontevedra:** o municipio de Pontevedra concentra o 28,40% dos accidentes. (pax.18)
- Considerando o lugar onde aconteceu o accidente (que non ter porque ser onde está localizada a empresa) a provincia da Coruña ten o 40,57% dos accidentes, Lugo o 24,82%, Pontevedra o 19,64% e Ourense o 13,54% do total dos accidentes do sector (pax. 21).
- Por provincias, **os seguintes municipios son os de maior sinistralidade,** na Coruña: Ferrol co 7,29% e Ortigueira co 6,83% dos accidentes na provincia (pax. 21), en Lugo: o municipio de Lugo ten o 10,61% dos accidentes, (pax. 24) en Ourense: o municipio de Ourense ten o 5,80% dos accidentes da provincia, (pax. 25) En Pontevedra: o municipio de Pontevedra ten o 6,59% dos accidentes da provincia. (pax. 27)
- No sector dos serradoiros, as empresas das provincias galegas teñen as seguintes porcentaxes: A Coruña, o 33,83% dos accidentes acontecidos en Galicia, Lugo o 19,64%; Ourense o 15,15% e Pontevedra o 31,38%. (pax. 31).
- Os seguintes municipios onde están localizados os serradoiros son os de maior sinistralidade de cada provincia, na Coruña: Santiago de Compostela co 16,09% dos accidentes da provincia, (pax. 31), en Lugo: Alfoz co 18,48%, (pax. 32) en Ourense: Piñor con 24,65%, (pax. 33) en Pontevedra: Mos co 30,27% dos accidentes da provincia.(pax. 34)

Na silvicultura, a análise do sector segundo diversas variables utilizadas nos partes de accidente danos os seguintes resultados:

- **Por forma de contacto**, os *Choques ou golpes contra obxectos en movemento* tiveron unha media anual de 177 accidentes, seguida por *Esmagamento contra obxectos inmóviles* nunha media 133 accidentes, *Sobreesforzos* nunha media de 97 accidentes e dos *Contactos cun axente cortante ou punzante* nunha media de 93 accidentes. (pax. 37)
- **Por natureza da lesión**, as lesión que con máis frecuencia se producen son: *Lesións superficiais e feridas nos ollos* nunha media anual de 266 accidentes e as *Torceduras, escordaduras e distensións* nunha media de 182 accidentes.(pax. 39)
- **Por parte do corpo lesionada**, as *extremidades inferiores* lesionáronse nunha media anual de 152 accidentes, *as mans*, nunha media anual de 79 accidentes, *as costas* nunha media anual de 69 accidentes, *as extremidades superiores*, nunha media anual de 59 accidentes e *os pés* nunha media anual de 58 accidentes. (pax. 40)
- **Por idade do accidentado**, os *traballadores con idades de 25 a 34 anos* teñen unha media anual de 172 accidentes, os *de idades de 35 a 44 anos* teñen unha media anual de 141 accidentes e os *traballadores de 45 a 54 anos* unha media anual de 110 accidentes. (pax. 42)
- **Por antigüidade no posto de traballo**, os traballadores con *antigüidade no posto de traballo menor de 3 meses* teñen unha media anual de 200 accidentes, sendo con diferenza o grupo de idade con maior sinistralidade. (pax. 44)
- **Por tipo de contrato**, os *traballadores temporais* son o grupo de maior frecuencia dos accidentes cunha media anual de 367 accidentes. (pax. 45)

Nos serradoiros, a análise do sector segundo diversas variables utilizadas nos partes de accidente dannos os seguintes resultados:

- **Por forma de contacto**, a maior frecuencia de accidentes dáse por *Choques contra obxectos en movemento*, cunha media anual de 63 accidentes. A continuación os *Sobreesforzos*, cunha media anual de 54 accidentes, seguidos dos *Esmagamentos contra obxectos inmóviles* cunha media anual de 46 accidentes e dos *Contactos con axentes cortantes ou punzantes* cunha media anual de 44 accidentes. (pax. 47)
- **Por natureza da lesión**, os dous tipos de lesións que con maior frecuencia acontecen son as *Lesións superficiais e feridas nos ollos* cunha media anual de 111 accidentes e as *Torceduras, escordaduras e distensións* cunha media anual de 79 accidentes. (pax. 49)
- **Por parte do corpo lesionada**, *as mans* son a parte do corpo que se lesiona con máis frecuencia cunha media anual de 85 accidentes, seguidas polas *as extremidades inferiores* cunha media anual de 43 accidentes. (pax. 50)
- **Por idade do accidentado**, os traballadores do *grupo de idade de 35 ata 44 anos* son os que maior frecuencia de accidentes teñen cunha media anual de 70 accidentes, seguidos dos traballadores do *grupo de 45 a 54 anos* cunha media anual de 54 accidentes.(pax. 52)
- **Por antigüidade no posto de traballo**, a maioría dos accidentados teñen unha *antigüidade maior de 36 meses*, con unha media anual de 138 accidentes, seguidos dos traballadores cunha *antigüidade entre 12 e 36 meses*, cunha media anual de 30 accidentes. (pax. 53)

- **Por tipo de contrato**, maioría dos traballadores accidentados teñen un *contrato de duración indefinida*, cunha *media anual de 160 accidentes*, seguidos dos *Os traballadores con contrato temporal* cunha *media anual de 73 accidentes*. (pax. 54)

Na **análise dos accidentes graves e mortais** na silvicultura e nos serradoiros utilizáronse estas 4 variables:

- Tipo de operación.
- Modo en que aconteceu.
- Axente de contacto.
- Parte do corpo lesionada.

Análise dos resultados na silvicultura

- Na análise polo **Tipo de operación**, as *Operacións de tala*, son as que teñen maior sinistralidade cunha porcentaxe de accidentes entre os anos 2010 e 2013 do **39,13%**, seguidas das *Operacións de derramado/pela* que acadan un **11,59%**. (pax. 57)
- Polo **Modo en que aconteceu o accidente**, os máis frecuentes foron: *Os cortes cunha máquina ou ferramenta*, co **23,19% dos accidentes**, as *Caídas de árbores* co **17,39%** e as *Caídas de polas* co **15,94%**, supoñen o **56,52%** dos accidentes.(pax. 57).
- Os **Axentes de contacto** que con maior frecuencia produciron as lesións dos accidentes graves ou mortales da silvicultura foron nestes anos: *As árbores* co **20,29%**, *as motoserras* co **17,39%** e *as polas das árbores* co **15,94%**. (pax. 58).
- As **partes do corpo** que contan con máis lesións na silvicultura son as seguintes: *Lesións en todo o corpo* (ou en varias partes deste) **no 20,29%** dos accidentes e as *lesións nas pernas* (exclúense os pés) co **18,84%**. (pax. 59).

Análise dos resultados nos serradoiros

- Na análise polo **Tipo de operación**, as *Operacións de transformación* son nas que maior porcentaxe de accidentes se producen **co 42,42%**, seguidas das *Operacións de derramado/pela* co **18,18%** dos accidentes. (pax. 63)
- Polo **Modo en que aconteceu o accidente**, os máis frecuentes nos serradoiros foron: os *Cortes con máquinas ou ferramentas* están presentes no **27,27%** dos accidentes, seguidos dos *Atrapamentos en elementos móbiles* co **18,18%**. (pax. 64).
- Os **Axentes de contacto** que con maior frecuencia produciron as lesións dos accidentes graves ou mortales nos serradoiros foron nestes anos: as *Polas das árbores* co **12,12%** dos accidentes, seguido dos seguintes axentes con **9,09%** cada un deles: *O chan*, *Cinta transportadora*, *Motoserra*, *Serra (circular ou múltiple)*. (pax. 64)

Aspecto que pode ser importante de cara á adopción de medidas preventivas

Hai un aspecto que se pon de manifesto ao ler as táboas de datos, especialmente a da silvicultura (pax.56), e tamén a táboa cos detalles dos accidentes mortais (pax. 68) e que pola súa importancia debe ser confirmado na investigación de accidentes, é o número significativo de casos en que o traballador accidentado non o é por accións que fixese no momento do accidente, senón por accións anteriores que el ou un compañeiro fixesen anteriormente (p. ex. unha rama de árbore que cae tempo despois dunha acción de talla) e as lesións producidas por accións realizadas por compañeiros (p. ex. corte cunha motoserra). De confirmarse a importancia do anterior, debe utilizarse esta información nas medidas preventivas a utilizar.